



Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades

DENÚNCIAS POR MAUS TRATOS E TORTURAS NO MÓDULO DE ISOLAMENTO DO CP DE TEIXEIRO

Desde hai bastantes anos as denúncias por rigor desnecesario e torturas son constantes no módulo de isolamento deste centro penitenciario. As primeiras de que se tivo coñecemento son do ano 1999. O 3 de Decembro deste ano o propio xulgado de vixilancia penitenciaria da Coruña (Expediente 9108/99) ditou auto en que criticava a actuación dos funcionarios deste módulo e declarava non axustadas a dereito as medidas tomadas contra algúns internos: suxeición mecánica (alxemas con grilletes) durante catro días e isolamento provisório durante cinco días.

Estes feitos non transcenden facilmente dado que, como norma, os presos son trasladados despois de se ter producido a agresión.

A día de hoxe, ESCULCA ten presentadas tres querelas perante o xulgado de instrución de Betanzos, competente para coñecer por delitos cometidos no centro penitenciario de Teixeira.

1.- Querela polos feitos coñecidos como “Motin de Teixeira”

Tramita-se como dilixencias prévias nº 432/2007 no xulgado de instrución un de Betanzos.

A querela foi apresentada o 9 de Maio de 2007, tras unha serie de indagacións e contactos con presos para coñecer o que foi que pasou realmente naquilo que os medios de comunicación calificaron como motin.

Os feitos aconteceron entre as 23:30 e as 00:00 horas do domingo 16 de Xullo de 2006. A alarma entre os presos da segunda galería saltou ao escuitaren un grande balbordo procedente da terceira galería. Os berros dos penados levou-nos a concluir que se tratava de unha agresión de funcionarios e polo ruído do abrir e fechar das portas deduciron que estes entraban nas celas e mallavan nos internos.

Na documentación obrante en autos constan partes de asistencia por lesións de varios presos.

Posteriormente, entre a a 1.15 e as 5.00 horas, tamén foron agredidos varios presos da segunda galería por un grupo de funcionarios que, segundo declaración destes internos, actuaban encabezados polo subdirector de Seguranza.

O xulgado non chamou a declarar nengun dos cinco presos que se citavan na querela. Tampouco citou os funcionarios, apesar de ter sido identificado o número de placa dos que estaban de servizo no momento de se produciren os feitos e mesmo de outros que, sen estaren de servizo, acudiron ao centro esa noite.

Despois de tan parca instrución, o xulgado declarou os feitos falta (infracción penal menor), decisión recorrida por ESCULCA por entender que, ao constaren indicios de agresión, a calificación oportuna sería delito de torturas.

2.- Querela por torturas, lesións e rigor desnecesario contra o preso E.F.R.

Esta querela, apresentada en Setembro de 2008, deu lugar ás dilixencias previas 930/2008 do xulgado instrución Betanzos Número Dous.

Existe parte de asistencia médica en se que obxectivan lesións na zona malar e nas pernas.

Os feitos aconteceron o día 3 de Xuño deste ano, cando o penado ERF foi agredido por varios funcionarios do módulo de isolamento. ERF declara que cando se encontrava no pátio foi golpeado con porras e posteriormente alxemado. A querela esta en trámite, pendente de ratificación.

3.- Querela por torturas, lesións e rigor desnecesario contra o preso RGG.

Apresentada no xulgado de instrución de Betanzos e pendente de reparto. Versa sobre feitos acontecidos o 15 de Outubro de 2008 no módulo de isolamento sobre as 21,50 horas.

O preso RGG declara ter sido alxemado e agredido por varios funcionarios. 15 dias despois de teren acontecido os feitos, aínda foi posible obxectivar lesións a simples vista.

4.- Outro caso

No último relatório anual da *Coordinadora para a Prevención da Tortura*, consta que o 8 de Febreiro de 2007 J.M.S.R. denunciou ter sido agredido por varios funcionarios da prisión coruñesa cuando se encontrava no módulo de isolamento. A agresión produciu-e cando J.M. se negou a pór-se de pé no reconto. Pouco mais tarde, varios funcionarios entraron na súa cela e, despois de mallaren nel, arrastaron-no a unha cela de castigo onde permaneceu varios dias sen recibir asistencia médica polas lesións sufridas.

Compostela, 16 de Decembro 2008